



**Resumo da Comisión Permanente da Xunta de Persoal de Lugo
mércores 24 de maio de 2023.**

Asisten: CIG, CC OO, FETE-UXT, CSIF, ANPE e STEG, na presenza da Xefatura de Inspección Educativa e a responsábel de Servizos Humanos.

1. Lectura da acta da anterior xuntanza.

Apróbase.

2. Información sobre expedientes disciplinarios graves e moi graves

A Inspectora Xefa informa de que no curso 21/22 houbo 2 expedientes e no curso 22/23 outros dous. Tamén se retomou outro máis que estaba pendente de fallo dende 16/17 e xa se resolveu tamén, coa correspondente sanción despois do proceso xudicial.

3. Solicitude de convocatoria do Comité de Saúde Laboral e da listaxe de centros onde se fixo avaliación de riscos nos dous últimos anos e dos que se prevé facer no futuro.

A responsábel de Recursos Humanos anuncia a próxima convocatoria (en data por fixar) de dito Comité e a remisión da listaxe solicitada.

4. Atención preferente

En relación a este asunto, que motivou que o STEG solicitase a reunión da Xunta de Persoal, a Inspectora Xefa comenta que, como non vai haber concurso, sera cada inspectora/or no seu subsector correspondente quen avalíe as necesidades de cada centro a este respecto.

Explica que teñen a intención de que naqueles casos que haxa intención de continuar pola persoa que está en comisión de servizo por atención preferente, se faga e poida continuar, mandando o correspondente informe a Santiago, mesmo no novo centro ao que vaia acceder a alumna/o en cuestión (p.e., dende Infantil a un centro de Primaria).

Tamén se fará no caso de alumnado que flexibiliza a súa permanencia no centro, tentando que a praza continúe un ano máis.

Noutros casos onde a persoa que ocupaba esta praza e atendía outras necesidades do centro, farase porque continúe mesmo no caso de que a alumna/o que motivou a súa presenza abandone o centro.

Nos casos de renuncia ou informe desfavorábel, comenta que se fará a análise e estudo correspondente.

A este respecto, o STEG manifesta a súa disconformidade coa non convocatoria do correspondente concurso, que garanta a publicidade, transparencia e igualdade de oportunidades a este respecto e sinala que resulta paradoxal que se anuncie con toda propaganda a celebración de Congresos de Benestar Emocional (sen discutir a valía dos contidos tratados nos mesmos) e logo, porén, non se convoque axeitadamente unha cuestión fundamental na atención á diversidade como a que nos ocupa, que contribuiría, tamén, a darlle unha maior calidade ao ensino público así como ao benestar emocional, convivencial e de relación da comunidade educativa.

5. Varios

-Transportes e Comedores

Anpe sinala que existen queixas por unha enquisa remitida aos centros relativa a unha extensa lista de requerimentos sobre cuestións relativas aos comedores que exceden, con moito, a asunción razoábel de tarefas por parte do profesorado responsábel dos mesmos, ademais do escaso prazo do anuncio.

A Inspectora Xefa comprométese a revisalo.

A Inspectora e a responsábel abandonan a reunión.

O STEG propón rexistrar por escrito e dirixir á Xefatura Territorial a disconformidade das organizacións sindicais da Xunta de Persoal coa non convocatoria do concurso das prazas de atención preferente así como a cuestión manifestada por ANPE.

Acórdase facelo por unanimidade.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a reunión sendo as **12 horas**.